

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO DÍA 16 DE NOVEMBRO DE 2021**

Ás 10.00 horas do día 16 de novembro de 2021, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión extraordinaria, no salón de plenos da Deputación Provincial de Ourense, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidente:** D. José Manuel Baltar Blanco

**Deputados/as do Grupo Popular:**

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D.<sup>a</sup> Ana Patricia Torres Madureira

D.<sup>a</sup> Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. César Manuel Fernández Gil

D. Pablo Pérz Pérez

D.<sup>a</sup> Ana María Villarino Pardo

D.<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara

**Deputado de Democracia Ourensana:** D. Armando Ojea Bouzo

**Deputado do BNG:** D. Bernardo Varela López

**Deputada non adscrita:** D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa

**Deputado non adscrito:** D. José Miguel Caride Domínguez

**Secretario:** D. Juan Marquina Fuentes

**Interventora:** D.<sup>a</sup> Mónica Legaspi Díaz

**Ausentes na sesión:**

**Deputados/as do Grupo Socialista:**

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. José Ignacio Gómez Pérez

D. Diego Fernández Nogueira  
D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández  
D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández  
D. Álvaro Vila Araújo  
D. Aurentino Alonso Araújo  
D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Estévez  
D.<sup>a</sup> Rosario Rodríguez Delgado

Previamente ao tratamento dos puntos integrantes da orde do día, o secretario xeral intervéñen para acreditar a existencia de quórum para a realización da sesión.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense:

## **1º.- DEBATE SOBRE O ESTADO DA PROVINCIA DE OURENSE, CORRESPONDENTE AO ANO 2021**

1ª. intervención do Presidente: Un ano máis realizamos esta sesión, formato único en Galicia e pioneiro a nivel estatal, para reflexionar sobre cuestións xerais, achegar propostas, debatelas e concluír con resolucións que soamente perseguen un interese: o xeral de Ourense. E quero comezar agradecendo a asistencia e participación daqueles que fan do respecto, a institucionalidade e a política construtiva a súa razón de estar na acción pública, representando lealmente á veciñanza da provincia. Grazas pola súa presenza e pola súa capacidade propositiva. Un pleno, avaliando números e datos obxectivos da evolución socioeconómica provincial, subministrados polo Observatorio Económico Ourensán, unha ferramenta de traballo óptima para acertar nas decisións públicas. Oportunidade para contar cunha panorámica que amosa como as apostas e enfoques anteriores que formulamos eran acertados, como Ourense sae mellor nas comparativas con Galicia, como na provincia evolucionan máis positivamente colectivos sociais de interese...o estudo por comarcas...como mellora a confianza en encontrar emprego, ese emprego ao que, entre outras accións, contribuímos co plan de empregabilidade para os concellos da provincia, un dos plans innovadores que puxemos en marcha hai anos. Señoras deputadas, señores deputados, levo

tempo dicindo que os meus -os nosos- obxectivos eran subir dos 116.000 ocupados e baixar do 12 % de paro. Os dous obxectivos están alcanzados. Seguiremos co anhelo de mellorar eses datos pero tamén coa posibilidade de trazar outras metas. Un debate para tamén reflexionar positivamente sobre ese cuarto mellor verán da historia en materia de turismo – tanto visitas como número de xente que pasa a noite-, grazas a ese agosto que si foi récord histórico, a pesar da situación de pospandemia na que nos atopamos. Somos protagonistas do mellor mes turístico da historia de Ourense: un turismo que é un eixo estratéxico e no que a nosa condición de destino turístico intelixente, e o orzamento correspondente froito do noso traballo en redes nacionais e internacionais, van potencialo nos próximos tempos. Na miña intervención do debate do estado da provincia do ano pasado, en plena crise da pandemia causada pola COVID-19, resaltaba como os principais indicadores socioeconómicos (as rendas dispoñibles, o nivel de actividade e o grao de ocupación, o desemprego...) mostraban sinais de que a singularidade da estrutura económica da nosa provincia nos dotaba dunha maior capacidade de resistencia e inelasticidade ante crises económicas profundas e bruscas como a que estabamos a vivir naquel intre; hoxe, un ano despois, os datos económicos do presente ano veñen reforzar a nosa convicción da singularidade da economía ourensá así como a idea defendida desde esta presidencia de que as baixas densidades de poboación non están rifadas co crecemento e a prosperidade económica. Xa no primeiro trimestre do ano os datos da EPA nos permitían albiscar á que ía ser a tendencia do ano 2021, cun incremento da ocupación na provincia de Ourense do 3,5% en comparación da ocupación do mesmo período do ano 2019, nun contexto no que o número de ocupados de Galicia decrecía case dous puntos na mesma comparación temporal. A partir de aí, poderíamos ir desagregando como ao longo do ano 2021 os datos sociolaborais e económicos amosaban unha recuperación na nosa provincia claramente por riba das que experimentaban as economías galegas e españolas, pero como do que se trata é de construír futuro centrarémonos na foto da situación económica que nos deixan os últimos datos dos que dispoñemos e que quedan reflectidos no derradeiro informe do Observatorio Económico Ourensán e nos indicadores recollidos na súa web, dos que achegarei aquí só catro ou cinco que considero esenciais para coñecer o noso presente e que nos poidan servir de compás para ir cara un futuro máis equitativo e máis próspero: a EPA do terceiro trimestre ten cifrado en 117.600 persoas o número de persoas ocupadas na provincia de Ourense, unha cifra que non só supón o maior número de ocupados desde o ano 2011, senón que sitúa a taxa de ocupación da nosa provincia no 90,18%, superando así por

primeira vez a barreira do 90% de ocupación sobre activos, porcentaxe aínda non superada para o conxunto de Galicia, que se sitúa neste trimestre no 89,78%). Para entender a dimensión da cifra de ocupados na nosa provincia resulta imprescindible poñer esa cifra en comparación co que está a pasar ao noso redor, e nese intre convén resaltar que mentres que o crecemento da ocupación ourensá respecto á situación prepandémica situouse nun 5,9% fronte a do ano 2019, multiplicando case por tres o crecemento da ocupación da provincia de Lugo (que se situou no 2%), multiplicar por 6 o nivel de recuperación da ocupación na provincia de Pontevedra (que experimentou un crecemento de apenas o 1%) mentres que a provincia da Coruña aínda non recuperou a situación prepandémica, mostrando a súa ocupación no terceiro trimestre do ano 2021 nun decrecemento do 1,3% respecto á que tiña no terceiro trimestre de 2019. A evolución positiva da actividade económica tradúcese tamén nunha redución significativa no número de ourensáns en situación de desemprego, e así a última EPA nos mostra que o número de parados na nosa provincia reduciuse neste último trimestre un 23,9% en comparación co do mesmo período do ano 2019, unha redución que máis que dobra o descenso do desemprego en Galicia no mesmo período (que foi do 11,7%) e que non permite comparación posible coa evolución do paro en España, xa que este ten crecido nese período nada máis e nada menos que un 13,7%; e que significa isto? que mentres en España o paro non ten deixado de medrar, o dinamismo da nosa economía conseguiu que 1 de cada 4 persoas que se atopaban en situación de desemprego no terceiro trimestre de 2019, antes da pandemia, hoxe estean traballando. Esta evolución positiva da economía ourensá en termos de emprego e ocupación é transversal en canto aos grupos que se benefician dela; así: a taxa de emprego feminina sitúase no 89,6% alcanzando así tamén a maior cifra trimestral do último decenio, se ben a diferenza, que é algo máis dun punto respecto á taxa de ocupación masculina, lémbra-nos a necesidade de seguir traballando para conseguir igualalas, o crecemento da ocupación tamén se deixa sentir na poboación nova, alcanzando tanto a taxa de activos sobre poboación entre 16 e 29 anos e a taxa de ocupados sobre activos as mellores porcentaxes dos últimos 10 anos neste período por encima do 51% e do 81% respectivamente e en ambos por encima das taxas de ocupación e actividade do resto de provincias de Galicia neste terceiro trimestre; e quizás o dato máis relevante para esta presidencia é que a mellora da ocupación se mostra tamén especialmente naqueles grupos de poboación máis desfavorecidos economicamente: e así a porcentaxe de fogares sen perceptores de ingresos descende tanto con respecto ao do ano anterior como respecto a 2019 e sitúase por baixo da

media galega (aínda que os datos melloren, os 2.900 fogares ourensáns que se atopan aínda nesta situación seguirán sendo unha prioridade para esta Deputación); tamén diminúe ata situarse no 6,5% a porcentaxe de fogares nos que que, tendo polo menos unha persoa activa, todos os activos están parados, un descenso que non serve en ningún caso para satisfacer a esta presidencia e que aínda se atopa lixeiramente por encima da media galega. Asemade a esta transversalide no crecemento das cifras de ocupación tanto a nivel dos distintos grupos poboacionais como no ámbito territorial (10 das doce comarcas ourensás ven como o paro rexistrado a outubro de 2021 é inferior ao rexistrado no mesmo mes do ano 2019), a mellora da actividade e do crecemento económico na nosa provincia é multisectorial e intensifícase especialmente en sectores económicos prioritarios para nós, nos que somos especialmente competitivos e nos que ten focalizado a atención esta Deputación provincial, como son o da economía verde ou o sector agroalimentario (así as ocupacións ligadas á economía verde son hoxe un 70% superiores ás que había hai dous anos e mentres que os ocupados no sector agrícola teñen crecido no mesmo espazo temporal preto dun 50%). Mais alá da existencia de problemas globais que poidan afectar á economía ourensá nun mundo tan globalizado como o actual, como acontece na actualidade cos derivados do encarecemento da enerxía e o transporte ou das roturas nas cadeas de subministracións causadas polos problemas de abastecemento e de loxística, e mesmo de factores que engaden incertezas como a forma na que se distribuirán os fondos do Plan “Next Generation da UE” para apoiar a recuperación e a resiliencia das economías dos estados membros; as cifras obxectivas da nosa realidade socioeconómica continúan a reforzar a idea de singularidade da nosa estrutura económica e do noso sistema produtivo á que facía referencia ao inicio deste apartado, e seguen a mostrar tanto a maior capacidade de recuperación do tecido produtivo ourensán, como o aliñamento da nosa realidade socioeconómica cos novos paradigmas económicos e produtivos que tratan de construír unha sociedade que aspira a ser menos homoxénea, máis verde, máis humana e máis equitativa, e onde xa non se trata só de crecer, senón que “o como se produce ese crecemento” tamén acadada cada vez unha maior importancia. Por todo isto, e máis alá de visións parciais e partidistas, os datos obxectivos debuxan un escenario que sen ser triunfalista, nos invita a fuxir do tóxico vitimismo cargado de posturas pesimistas sobre o futuro da provincia e dos ourensáns, e mudalo por un optimismo xustificadísimo, do que participan tanto as empresas da nosa provincia que ven mellorar a súa competitividade (tal e como reflicte o crecemento das exportacións das empresas ourensás que se sitúa nos oito

primeiros meses do ano no 11,5% fronte o crecemento do 3% do conxunto das empresas galegas en comparación coas cifras dos mesmos meses do ano 2019) e tamén aqueles que buscan emprego na nosa provincia que presentan un maior grado de confianza en que atoparan emprego que o que teñen a media de desempregados galegos. E quero facer unha breve reflexión sobre o volume de inactivos, porque conforman unha realidade que non sempre temos ben valorada e a miúdo nos desacouga. E non hai motivo. Ourense ten un elevado número de xubilados. É certo que somos unha provincia lonxeva, de maiores que elevan o censo de inactivos. Pero non son un problema da economía ourensá. E non só porque lle achegaron á economía provincial case 82 millóns de euros no pasado mes de outubro. Senón tamén porque, se os descontásemos no cómputo total, sorprenderíanos saber que Ourense é a provincia galega, salvo Lugo, con menor porcentaxe de inactivos en idade de traballar, cunha media moi por debaixo da media galega, e cunha evolución positiva de case oito puntos nos últimos dous anos. Esa é a realidade. E esa é a tendencia. Polo tanto, na nosa economía non sobra ninguén. Ao contrario, o que precisamos son ocupados. É o momento logo de acelerar no camiño andado e seguir potenciando aquelas actividades e sectores nos que somos máis competitivos, impulsando potencialidades como a agroalimentaria ou o da economía verde, que, non por casualidade, serán dous dos eixos sobre os que xirarán os espazos de debate e reflexión da Mobile Week que se iniciará dentro de tan só tres días, para cimentar sobre eles a nosa aposta pola intensificación do proceso de reagrindustrialización económica do noso territorio, e por converternos nunha despensa orgánica de referencia a nivel estatal cos nosos produtos ecoagroalimentarios. Aspectos ámbolos dous que pasan por estimular e dar a coñecer a capacidade atractiva das nosas terras e da nosa estrutura produtiva para o que intensificaremos as actuacións en dous eixos claves: i) Facer crecer as nosas empresas (compre lembrar que o tamaño medio das empresas ourensás é o menor das distintas provincias galegas e o tamaño medio das empresas galegas se sitúan no grupo das menores do estado español). ii) Atraer a toda unha xeración de mozos e mozas altamente formados cara eses sectores onde somos especialmente competitivos para facilitar dese xeito a chegada a eles de talento novo e así dinamizalos e impulsar o seu proceso de modernización, acelerando os procesos de dixitalización, automatización e o uso das tecnoloxías emerxentes. Para isto desenvolveremos desde o Observatorio Económico Ourense, e en sintonía cos axentes axeitados, un proxecto amplo, mediante a colaboración público privada, dirixido a atraer cara sectores como o agroalimentario ou o da economía verde, entre outros, a xente nova altamente

formada, tanto das contornas rurais como urbanas, e completar a súa formación cunha visión aplicada que lles permita aplicar os seus coñecementos técnicos e sectoriais no desenvolvemento de proxectos tanto de intraemprendemento en empresas xa existentes como de posta en funcionamento de novas start ups, atraendo cara eles talento e investidores. Afondaremos xa que logo nesa dirección. Porque temos a convicción e a determinación precisas para saír facer e para non quedar nos bos propósitos, tal e como está a facer esta Deputación en varios ámbitos para darlle futuro real a esta provincia. Nesa convicción estamos explorando, testando e madurando varias iniciativas e posibilidades que presentaremos no seu momento, para aproveitar as potencialidades que identifican os indicadores, a evolución e os datos comparativos que saen da observación e análises do OE Ou. Unha provincia que, grazas ao seu goberno, verá abertas as portas do Centro Galego da Innovación da Formación Profesional en semanas. Unha provincia que, tamén coa participación decisiva da Deputación, traballa xa para contar en Monterrei cun parque acuático de referencia no noroeste peninsular. Esta provincia, Ourense, co goberno que presido, poñendo en valor infraestruturas que están no noso territorio e que son capitais en Galicia, por exemplo a Estación de Manzaneda, o Parque náutico en Castrelo de Miño, a Tecnópole, a Estación de Viticultura e Enoloxía...o Ourense do edificio “Provincia intelixente”...o Ourense que consegue plans de desenvolvemento sostible a pares, Ribeira Sacra e Ourense Termal, claves no noso futuro e froito sempre da planificación e da anticipación. Seguiremos con esta filosofía como primeiros aliados dos concellos, achegando músculo funcional e financeiro para que desenvolvan con éxito as súas competencias. Seguiremos liderando o futuro da man da sociedade e das súas entidades máis representativas, culturais, sociais, económicas.. por suposto tamén da Universidade, Campus de Vigo, e da UNED. Esta provincia é terra de talento. Non quero rematar sen referirme á noticia histórica que imos vivir no vindeiro mes de decembro: a chegada da alta velocidade. Ficaremos a pouco máis de dúas horas da capital do Estado. Sen dubida unha sacudida competitiva para o territorio que imos aproveitar. Preparando esta provincia termal para amosar a súa mellor versión. Con medidas, como por exemplo, o do Gran Hotel Balneario Auria neste edificio que farán que o debate sobre o estado da Provincia de próximos anos o realicemos noutras dependencias. Por iso, como remate desta primeira intervención, vouno facer lembrando a Manuel Curros Enríquez, o gran poeta social de Galicia (por certo despois pai e avó de dous ferroviarios) que dedicou o poema “Na chegada a Ourense da primeira locomotora” (incluído

na obra “Aires da miña terra”) á chegada do tren á cidade de Ourense o 31 de marzo de 1881.

Remato con estes versos:

*“Velaí ven, velaí ven avantando  
comaros e corgas, e vales, e cerros.*

*¡Vinde vela, mociños e mozas!*

*¡Saludaina, rapaces e vellos!*

*Por onde ela pasa*

*fecunda os terreos,*

*espértanse os homes,*

*frolecen os eidos!”*

Señoras deputadas, señores deputados, intúo hoxe, 140 anos despois destes versos de máxima actualidade e tan acaídos, tempos de fecundidade, tempos de espertar e tempos de florecemento para o noso Ourense”. A Deputación, como sempre, en primeira liña, da man da veciñanza.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): En decembro de 1996 a asemblea xeral da Unesco, organización das nacións unidas para a educación, a ciencia e a cultura, resolveu celebrar, hoxe 16 de novembro, o día internacional da tolerancia, para destacar o valor dela e a riqueza da diversidade humana. En 1995, a Unesco proclamou a importancia de educar aos nenos e nenas e a poboación en xeral no respecto mutuo e o recoñecemento dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais. Este organismo promove os valores da tolerancia mediante estratexias integradas de loita contra: o racismo, a discriminación e a xenofobia e impulsa accións educativas de calidade protexendo á diversidade cultural. O documento final do cumio de 2005 reafirma o seu compromiso dos gobernos a fomentar: o benestar, a liberdade, o progreso, así como alentar: a tolerancia, o respecto, o diálogo e a cooperación entre as diferentes culturas, civilizacións e pobos. Leo estas verbas, e á súa vez vexo parte das cadeiras deste salón de plenos baleiras, pero non só baleiras de persoas, non só baleiras de humanidade, sinto cadeiras baleiras de tolerancia, baleiras de respecto, baleiras de diálogo. Vimos de pasar un tempo complexo, difícil en moitos aspectos, situacións sociais, económicas e sanitarias dramáticas para moitos dos nosos veciños. Perdemos a moitos amigos, e familiares, baixamos persianas e pechamos fiestras de moitos negocios. Vímonos nos ante a adversidade nestes tempos inimaxinables para quen nos criamos con todas as comodidades e avances do século XXI. Traballamos 24/7 para conseguir que nin unha vida

máis esmorecese nunha habitación de hospital. Traballamos duro por e para Ourense, para Galicia, ata que as nosas forzas se derrubaron tamén, nun despacho de San Caetano, un mércores calquera, finando a nosa vida traballando para todos os galegos e galegas. Sendo conscientes de todo isto, deberíamos ter claro que o que se espera de nós, os que representamos a toda a cidadanía, é ter a suficiente madurez persoal e política, para deixar a un lado as disputas de patio de colexio, para chegar a acordos mediante o diálogo e para que sempre vaia Ourense por diante de calquera ideoloxía. Amigos, compañeiros, prioricemos Ourense: falemos de Ourense, dos seus problemas, das súas fortalezas. Falemos de compromiso, de saber sentarse ao carón dunha mesa sen ter a necesidade imperante de insultar e desprestixiar a que non pensa coma nós, non debemos esquecernos endexamais que a tolerancia debe e ten que estar sempre por riba de calquera ideoloxía, e non debemos permitir que ningún político traspase límites que teñen difícil volta atrás. É importante non esquecer que a palabra democracia, debe entenderse en todos os aspectos, nos guste ou non o que pensa o noso compañeiro, debemos respectar a opinión de cada quen. Debemos ter a corresponsabilidade para poder entendernos e chegar acordos, tender pontes, posicionarnos sempre en positivo, estar aí, dispoñibles para a cidadanía, cando e como nos necesiten, porque a eles nos debemos e para eles nos debemos esforzar e deixar a un lado as nosas diferenzas. E por isto, no día de hoxe, preséntome aquí cun acordo previo co grupo de goberno para construír un futuro entre todos. O despoboamento, os produtos da nosa terra, os medios tecnolóxicos para os nosos autónomos e pequenos empresarios, son, entre outras, as preocupacións comúns que me unen de corazón e razón, cos compañeiros do goberno. O meu amor por Ourense, por os meus veciños, polo benestar da miña xente, está moi por encima do meu benestar persoal e de calquera ofrecemento pouco honorable por parte do grupo maioritario da oposición. Créanme, nin un millón de pasos borrarán este terrible capítulo da historia política desta provincia. Camiñarei ao carón de todos vostedes, dos meu ben queridos veciños, para que fagamos cousas grandes por Ourense, teñen a miña palabra. A miña ideoloxía é clara, Ourense.

- 1ª intervención José Miguel Caride (non adscrito): Máis alá de cifras que moitas veces son conxunturais e frías como as que deu o presidente e sometidas a valoración, xa que hai que ter en conta como son os contratos laborais, as retribucións e outras cuestións. Todos sabemos cales son realmente as necesidades e problemas desta provincia, somos conscientes do grave problema demográfico, do problema de renda persoal, da necesidade dun desenvolvemento

económico e tamén debemos ser conscientes das potencialidades da nosa provincia, que ten termalismo, ten recursos naturais, ten monte e ten produción eléctrica. A cuestión é cal debe ser o papel da Deputación neste proceso, porque todos sabemos o que necesitamos, pero o importante é como debe afrontalo esta institución. Eu doulle moita importancia non só ao fondo senón tamén á forma, e por iso tan importante como o debate sobre o estado da provincia debe ser o debate sobre o estado da institución provincial, que é a Deputación, para que vale e cal é o papel que ten que xogar. Traio un apuntamento dun artigo publicado no xornal *El periódico de Cataluña* do ano 2011, asinado polo que por aquela data era o presidente da Deputación de Barcelona, e no que nun momento no que se puña en entredito a existencia das propias deputacións provinciais, pedía un debate serio e rigoroso para a sociedade e chegaba á conclusión de que *necesitamos diputaciones sobre todo en las comunidades autónomas que engloban a varias provincias desde el equilibrio territorial en las prestaciones públicas cada vez más necesarias y hablemos pues de utilizarlas con visión de futuro y no a corto plazo, revisemos y actualicemos el marco competencial de los gobiernos locales adaptándolo a la realidad del siglo XXI porque lo legislado en 1985 está superado, y actuemos y tomemos decisiones hablando de cooperación entre los gobiernos autonómico, central y local porque los ayuntamientos y con ellos las diputaciones son también gobiernos de proximidad y necesarios, discutamos como coordinar mejor los recursos y evitar duplicidades. Esta es la visión de la Diputación de Barcelona que desarrolla un trabajo en red con los municipios con quien concierta los servicios y políticas locales y que conjuntamente con los ayuntamientos está gestionando un territorio en materias diversas como bienestar, medio ambiente, urbanismo, cultura o desarrollo económico.* No centro de todo isto teñen que estar os concellos, que son os que teñen o verdadeiro protagonismo, e a lei de bases de réxime local outorga ás deputacións unha función coordinadora que tense que facer real e efectiva, sempre con solidariedade, e por distintos medios e non só económicos, senón tamén por outras formas de traballo e a deputación ten que estar á fronte e nesa función coordinadora (con todos os niveis administrativos e de goberno) son os concellos os que deben levar a cabo as políticas. En calquera caso, quero manifestar que despois de ver o proxecto para converter o Pazo provincial nun gran balneario, aínda que nun principio era escéptico, entendín que isto é unha aposta decidida polo termalismo pondo un inmovible público á disposición dun servizo que redundará en beneficio da veciñanza.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Como todos vostedes ben saben é opinión deste portavoz que a provincia de Ourense é a provincia minguante, que permanece nun estado comatoso sen visos de solución. Unha provincia onde a media de idade supera os 50 anos, converténdonos na provincia de todo o Estado coa poboación mais avellentada en dura competencia con Zamora. Unha provincia que ten decebido dos 363.000 habitantes en 1990 a 306.650 a 1 de xaneiro de 2021, 328.214 cando tomou posesión o actual presidente. Isto son 57.000 habitantes menos en trinta anos de goberno absoluto do PP e 12 mil deles baixo a súa presidencia. Non podemos obviar que a lóxica da nosa pirámide poboacional fai que diminúan o número de nacementos e se incrementen o número de defuncións, sen que se teñan dotado estratexias que poñan freo a esta situación e permitan *vislumbrar* unha situación de esperanza. E fíxense vostedes que o BNG ten todas as esperanzas postas nas riquezas que atesoura este territorio chamado Ourense e as súas veciñas e veciños. Pero lamentablemente entendemos que vostedes levan máis de 30 anos de oportunidades desperdiciadas, mentres vostede tomaba camiño de Weisbaden para dar a coñecer os nosos recursos termais (sen dúbida moitos, pero na cidade de Ourense todos eles menos A Chavasqueira pechados, cando non directamente abandonados, como tamén noutros puntos da provincia) E non digo que isto sexa responsabilidade exclusiva súa, nin sequera que a maior parte dela o sexa, pero foron vostedes os que fixeron bandeira dun dos nosos maiores recursos e así están. Decía mentres, porque os compañeiros do PSOE non atoparon mellor solución que ir a Madrid de peregrinación para mudar unha situación, sen dúbida inxusta e clientelar que vostedes manteñen no tempo cunha falta de equidade no reparto dos fondos públicos que unha e outra vez lle temos reprochado non só dende a oposición senón tamén dende o Consello de Contas de Galiza. Sinceramente ogallá convenzan aos deputados e deputadas dos partidos do Goberno a apoiar unha reforma que faga obrigatoria, o que agora se queda en recomendación xeral de dotar o sistema de subvencións dunha fórmula xusta, equilibrada e transparente, para cando menos a maior parte deses fondos destinados a asociacións e concellos. O voto do BNG teríano, pero seguramente o Goberno ten outras ocupacións no seu maxín, por exemplo como explicar que a reforma laboral se derroga sen derrogala ou asuntos dese teor. É certo que os datos de ocupación son favorables (supoño que si) desde o avellentamento e desertificación demográfica vostedes non teñen responsabilidade, nos datos da EPA tamén pasarían por aquí. En calquera caso o problema é que de seguir así 140.500 activos en 2012, ano da elección do actual presidente, rebaxouse o dato a 130.400 na actualidade, unha baixada de 10.000 persoas

activas, case que un 8% en 8 anos. De seguir así, remataremos co paro, o problema será que non haberá tampouco traballadores, porque efectivamente se reduciron o número de parados de 30.000 a 12.000 pero a teimuda realidade nos indica un preocupante retroceso do número de persoas activas. En outubro de 2021, os datos do último mes, por poñer un exemplo, perdéronse 643 afiliados, máis de 20 ao día, para quedar en 103.159 persoas en alta na seguridade social. Aínda que isto supuxera ao tempo unha redución de 34 parados, pero non semellan os mellores datos no global. Por isto desde o BNG traemos unha serie de propostas e queremos que o PP e os seus compañeiros de viaxe recuperen algunha das nosas propostas, incluso algunha que xa foi aprobada hai anos e non foi implementada, como ocorreu tamén por certo coa case que totalidade das que foron propostas e xa que logo aprobadas polo grupo do PP no ano 2020 e non chegaron a ser concretadas, e máis nalgúns casos semella que pasaron a mellor vida e voullas recordar: A súa primeira proposta deste ano referente á colaboración cos Gdrs, correspóndese á 4ª que defendeu o BNG en 2019, e alí quedou, agardamos que esta vez teña maior fortuna. En canto ás súas do ano pasado imos velas para entender do que falamos. Equilibrio territorial: xestionar diante da Xunta de Galicia a localización na provincia de Ourense de proxectos autonómicos que doten os proxectos Next Generation. Que eu saiba, aí estamos en baleiro. Turismo deportivo: fornecer como instrumento catalizador á *Coupe de la Jeunesse 2022*, descoñecemos exactamente en que estado está. Homenaxe ao pai Miño cun centro de interpretación no concello de Toén. Respecto á potenciación de MEISA xa saben que son especialmente crítico con ese millón e medio de euros que levamos achegando e outro tanto que leva posto a Xunta de Galicia. Cooperación cos concellos e fondos comunitarios para a creación dun Programa Ourense provincia biosostible, e penso que isto non foi implementado. O programa Vou contigo do que a derradeira vez que escoitei falar foi o oito de marzo e polo de agora parece que non foi materializado. Plataforma informática provincial en cooperación cos concellos como escaparate de vivendas do rural, e que eu saiba non está a data de hoxe operativo. Por todo isto, e posto que se abre unha oportunidade de debate nunha institución, os que fomos elixidos, temos que facer as nosas propostas sexan despois levadas a cabo ou non polos que teñen a responsabilidade de gobernar. As propostas de resolución que este ano trae o BNG son as seguintes: 1.- Esixirlles a todas as administracións competentes (Estado e Comunidade Autónoma) en materia de regulación enerxética, que se estableza un novo mapa eólico galego con criterios de preservación do noso territorio dende un punto de vista social,

medioambiental e patrimonial. E que ao tempo os beneficios obtidos dos recursos naturais (nomeadamente a auga e o vento) revertan na poboación local tanto mediante os pagos directos aos propietarios, os tributos aos concellos e a creación de plans industriais e tarifas propias que favorezan o desenvolvemento do territorio da provincia. 2.- Apostar decididamente polo apoio á agrogandeiría, especialmente á ecolóxica e de pequeno formato, apostando polas canles de comercialización e os produtos de calidade diferencial, favorecendo o respecto ás formas de facer tradicionais combinadas coas novas tecnoloxías. E para isto xerar, en colaboración cos concellos e coa Xunta de Galicia, espazos homologados de transformación e elaboración dos produtos. Neste sentido dotarase un fondo co 1% do orzamento para a implementación de medidas neste eido. 3.- A Deputación de Ourense demanda de forma rotunda a defensa da sanidade pública, que remate a precariedade laboral e que se dote a esta provincia dos medios tecnolóxicos necesarios para igualar os servizos co resto de Galicia. Resulta evidente que as listas de agarda e o deficiente servizo na atención primaria, están a producir situación de agravamento das doenzas, por iso, desde esta institución, solicitamos o reforzamento do servizo de atención primeira e a redución das listas de agarda. 4.- Como provincia non nos podemos permitir que a xente nova siga marchando na procura de traballo fóra do noso territorio, é por isto que se promoverán accións estratéxicas para o desenvolvemento de políticas de empregabilidade e apoio ao emprendemento no conxunto da provincia de Ourense. Con especial mención ás políticas activas de respaldo á xente moza retornada e inmigrante. Precisamos xente nova no noso territorio para ser quen de poñer en valor os inxentes recursos que atesouramos. 5.- Reiterar a esixencia cara á Administración Xeral do Estado da mellora das infraestruturas e persoal ferroviario, nomeadamente cara ao ferrocarril convencional vertebrador da nosa provincia. Demandamos así mesmo a creación dun ferrocarril de proximidade como o existente noutros territorios do Estado, ben sexa de xeito directo a través de Renfe, ben mediante traspaso de competencias e recursos económicos á Xunta de Galicia para que sexa esta quen o poña en marcha. 6.- Reiteramos o compromiso co patrimonio material e inmaterial do noso territorio, e comprometemos a posta en marcha da comisión de patrimonio coa participación de expertos para a posta en valor e coidado deste. 7.- A Deputación de Ourense compromete o seu respaldo a todos os concellos na provincia para a captación de fondos europeos, mediante a dotación de partidas económicas que complementen as posibles dotacións procedentes do Estado en termos de equidade e obxectividade. 8.- O infrofinanciamento dos concellos

galegos require tanto ao Estado Español como á Xunta de Galicia artellar un novo modelo de financiamento que lles permita aos concellos cumprir coas súas obrigas cos veciños e veciñas. Comprometendo un mínimo dun 20% do financiamento total das administracións a favor dos concellos. Ao tempo esiximos o fin dun sistema perverso que fai que a media de financiamento por veciño nos concellos galegos procedente do Estado sexa 50 euros inferior á media estatal, cando a dispersión poboacional e o avellentamento fai evidente a necesidade dunha dotación orzamentaria superior. 9.- A Deputación de Ourense compromete unha dotación orzamentaria do 2% do seu orzamento para colaborar con criterios obxectivos e de reparto proporcional cos concellos na dotación de redes de abastecemento e saneamento, dada a complexidade para que os municipios supón pola complexidade que ten nesta provincia o seu establecemento. 10.- Creación dun Plan único de colaboración cos concellos cunha dotación mínima do 20% do orzamento anual da Deputación Provincial de Ourense. Un plan que axude a prover de fondos suficientes aos concellos para afrontar as súas amplas competencias para cos seus veciños e veciñas. Este fondo terá uns criterios de reparto equilibrados, equitativos e xustos, seguindo o modelo do establecido para o Fondo de Cooperación Local da Xunta de Galicia ou similar.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Desexo nas miñas primeiras palabras facer unha reflexión de optimismo e ledicia ao volver de forma presencial a este salón de plenos para debater sobre o estado da provincia. Un feito que nos permite comprobar que estamos a superar a situación sanitaria que nos deixou unha pegada de por vida. Por iso quero hoxe ter un recordo para as familias dos máis de 400 ourensáns que faleceron pola Covid-19, e a todos aqueles que dun xeito persoal ou profesional padeceron, e padecen, as consecuencias da pandemia. E, por suposto, facer unha chamada á prudencia fronte o aumento de contaxios e para, entre todos, evitar que se adopten novas medidas restritivas ás portas dunhas festas familiares, pero tamén de enorme importancia para empresas e negocios. Para todos eles, veciñas e veciños da provincia de Ourense, é a nosa obriga dar o mellor de nós mesmos. Unha obriga como representantes políticos, para que as nosas xentes poidan ter a confianza de que estamos a traballar nun futuro de progreso, de benestar e de estabilidade, situando ás persoas e aos concellos onde residen no centro da nosa acción de goberno, construíndo así un Ourense mellor. Para este obxectivo serve o debate sobre o estado da provincia, único entre as deputacións galegas e un dos poucos que se realizan en España, e que hoxe alcanza a súa

sétima convocatoria. Un debate que nace a iniciativa do presidente provincial e que se recolle nos plans de mandato 15-19 e 72-73 (e por suposto que en futuros plans, non me cabe dúbida). Pero, ao mesmo tempo, un debate que complementa as accións do goberno provincial para dar resposta, na medida das nosas posibilidades e dentro do ámbito das nosas competencias, ás demandas e necesidades que van formulando os concellos e reclama a veciñanza porque se algo temos claro es que os plans de mandato son unha guía de goberno, pero non un documento pechado. Non perdamos de perspectiva que acontecementos como os vividos en 2020 poden mudar radicalmente as prioridades da cidadanía e das administracións. O mesmo que ocorre no momento actual co impacto que todos estamos a padecer coa crise enerxética, coa tarifa da luz máis alta da historia; a escalada dos prezos dos combustibles; a escaseza de materias primas; ou o aumento da cesta da compra. Aínda que quizás no caso actual a situación si estea a mudar as prioridades da cidadanía, pero non do goberno central, que é o que máis competencias e responsabilidades ten nos temas que acabo de citar. Un goberno que segue presumindo duns orzamentos para 2022 baseados nun cadro económico de crecemento (6,5 % para 2021 e 7 % para 2022) que xa rebaixaron o Banco de España e a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, e que agora tamén recorta en case dous puntos (4,6 %) a Comisión Europea. Esperemos que ese recorte na previsión de crecemento non se traduza tamén no recorte dos investimentos previstos para Ourense polo Estado en 2022, que con 157,5 millóns de euros supoñen un escandaloso discriminatorio coa provincia. Un agravio que os representantes do Partido Popular nas Cortes Xerais tentarán corrixir cun rigoroso traballo no que a través de 30 emendas piden 91 millóns de euros máis para infraestruturas en estradas e ferrocarril, para transición ecolóxica, para seguridade nunha provincia cunha elevada dispersión de poboación, e para cuestións de ámbito social. Pero regresemos ao que hoxe nos ocupa e preocupa, que é nin máis nin menos que pensar no futuro da provincia de Ourense actuando no presente. Tócanos aos representantes nesta corporación formular novas propostas que axuden aos concellos e á veciñanza a afrontar este período pospandemia. Un exercicio de responsabilidade pola que o grupo provincial popular vén de presentar un decálogo de iniciativas que foron consensuadas e presentadas xunto co portavoz do grupo Democracia Ourensana, Armando Ojea, e a deputada Monserrat Lama. Unha demostración da nosa inequívoca vontade de contar co máximo apoio á hora de formular unha serie de propostas, coas que responder a algúns dos retos aos que desde diversos ámbitos se enfrenta a provincia de Ourense. Por iso quero agradecer a receptividade e a colaboración

amosada por Armando Ojea e Monserrat Lama. Como tamén quero e debo agradecer publicamente ao deputado do BNG, Bernardo Varela, que tamén se sumara á presentación de iniciativas, esteamos ou non de acordo co seu contido, pero das que seguro sairán puntos de acordo, como así vén de ocorrer en debates anteriores. Non obstante e lamentablemente, teño que referirme un ano máis, e xa van tres, á ausencia do Grupo Socialista, que volve destacar por un novo exercicio de irresponsabilidade. Desta volta emprendendo un camiño errado, pois en lugar de dirixirse cara este Pazo Provincial, que é onde deberían estar as deputadas e os deputados socialistas que din estar tan comprometidos coa provincia, tiraron cara Madrid a pedir o apoio de “papá” Sánchez para unha reivindicación que non se consegue con marchas nin barullo mediático, senón con traballo, esforzo e, por riba de todo, nas urnas, que son as únicas que dan lexitimidade para desenvolver un proxecto de goberno, como aquí estamos a facer. Ogallá servira a *camiñata* do Grupo Socialista para plantarse na Moncloa e reclamar un reparto xusto de fondos, si, pero dos fondos europeos dos que as entidades locais non sabemos nada. Ogallá puxeran ben o GPS socialista e en lugar de camiñar cara Madrid o fixeran cara os xulgados de Ourense para poñer fin á súa absurda loita contra as axudas deste goberno provincial aos autónomos, contra os traballadores e pequenos empresarios que merecen ser obxectivo prioritario das nosas políticas de desenvolvemento económico. Ogallá estiveran aquí os representantes do Grupo Socialista, que non do PSOE, porque me consta que non atoparon todo o apoio que esperaban entre os membros do seu partido, para presentar propostas comprometidas que, entre todos, axudarían a facer máis visible Ourense. Pero non foi así. E hoxe debo darlles a benvida ás deputadas e deputados do Grupo Socialista, que agardo se atopen fisicamente ben despois desa longa *camiñata* a Madrid que, pensei eu inxenuamente, ao mellor tamén tiña como destino a Moncloa para reclamar un reparto xusto de fondos, si, pero dos fondos europeos dos que as entidades locais non sabemos nada. Benvidos a este pleno de debate sobre o estado da provincia e pouco ou nada máis, porque aquí chegan sen proposta algunha, só para falar do seu libro, e a nós non nos gusta o seu relato nin o seu xeito de escribir. O grupo socialista procurou os seus quilómetros de gloria imaxinando que serían vitoreados polos seus, cando me consta que non atoparon todo o apoio que esperaban entre os membros do seu partido. Pero de propostas para construír Ourense cero, de modo que polo que respecta a vostedes non teño nada máis que dicir. Xa lle dediquei demasiado tempo a esta cuestión cando necesito algún minuto máis para referirme, como fago sempre, ao grao de execución das propostas aprobadas no debate de 2020. Porque do que se

trata, ademais de formular ideas, é executalas. Así, no ano 2020 e dun total de 28 propostas presentadas polos grupos políticos aprobáronse 16, o 40 % delas por unanimidade (ter en conta que daquela Ciudadanos presentou (8). A estas propostas hai que engadir as 14 presentadas polo presidente da Deputación, o que fai un total de 30 propostas aprobadas no ano 2020. Das 16 propostas dos grupos políticos, na actualidade 9 están realizadas, 4 están en fase de desenvolvemento e tres aínda están pendentes. Significa isto que o 81 % das propostas do ano 2020 están executadas ou en fase de execución, o que fala ben ás claras da utilidade do debate sobre o estado da provincia, que outros non entenden cando só hai 8 plenos destas características en España e algúns deles promovidos por gobernos do PSOE. Nós si cremos nestes debates e por esa razón formulamos sempre as nosas ideas para ser tidas en conta como eixo de actuación da Deputación que, non vou esquecer de repetir, é o concello dos concellos. Neste 2021, o noso decálogo de iniciativas reflicte o impulso que o goberno provincial quere dar ao desenvolvemento no rural, á cooperación cos axentes económicos, á promoción de produtos e servizos con selo ourensán, ao emprego, á cultura ou o turismo, sen esquecer a reivindicación. En concreto, o noso decálogo de propostas é o que sigue: 1.- Colaboración cos Grupos de Desenvolvemento Rural da provincia: A Deputación de Ourense impulsará diferentes vías de colaboración cos seis GDR da provincia de Ourense. Para iso, solicitaremos a adhesión en cada un dos GDR e poder integrarnos nas respectivas asembleas en calidade de socio. 2.- Reivindicación ao Goberno de España: Esixir que a provincia de Ourense sexa tida en conta nos procesos de descentralización administrativa e nos plans de axuda á loita contra o despoboamento, como xa foi así, co plan de descentralización de Renfe en Teruel ou Toledo; Soria e o seu centro da Seguridade Social, ou Cuenca e os seus cursos da UNED, entre outros. 3.- Reto demográfico: Creación dunha fiestra única emprendedora do rural. Para axudarlles aos concellos e facilitarlles aos emprendedores e emprendedoras proxectos de futuro na provincia rural. 4.- Modelo das brigadas de Vías e Obras: Revisión do modelo das brigadas de Vías e Obras, co fin de adaptar a organización dun servizo que atende 1.852 quilómetros de estradas provinciais ás novas necesidades, en particular á atención permanente desta rede viaria e a modernización e tecnificación da súa xestión. 5.- Marca Ourense: Creación da marca Ourense para produtos e servizos xenuinamente ourensáns. Aberto a todas as empresas que queiran adherirse coa existencia dunha auditoría que valide a procedencia ou non de contar con este plus de protección. En colaboración coa Confederación Empresarial de Ourense. 6.- Sector vitivinícola. Ribeiro: Elaborar, en colaboración co Consello Regulador da

Denominación de Orixe Ribeiro e os seus adegueiros, colleiteiros e viticultores un plan de mobilización de terras para cultivo da uva que permita poñer ao dispor do sector un mínimo de 160 hectáreas de terreo para cultivo de uva. Todo isto de conformidade co marco legislativo que proporciona a nova Lei de Recuperación de Terra Agraria de Galicia. 7.- Fondo de reconstrución para entidades locais: Reclamar ao Goberno central un fondo de reconstrución para as entidades locais que garanta a súa participación real e transparente, facilitando aos concellos e deputacións provinciais a xestión dunha porcentaxe dos fondos europeos equivalente ao gasto local dentro do gasto público total. 8.- Plataforma de emprego: Na propia web da Deputación, con dúas simples pestanas: unha, quero traballar; dous, necesito traballadores. Tratamento dos datos recibidos. Unha ferramenta máis para empresarios e autónomos e persoas desempregadas. Téndelle a man á pequena empresa e ás persoas autónomas. 9.- Medallas Blanco-Amor: Premio anual, en varias categorías, para recoñecer a traxectoria e os méritos de ourensáns e ourensás nunha gala anual. 10.- Ruta provincial de autocaravanas: Ordenación do turismo en autocaravanas, poñendo en valor unha ruta provincial con todas as zonas de autocaravanas sinalizadas, indicando lugares próximas de interese, as mellores formas de acceder, e cuestión positivas a valorar polos usuarios. Estas son as propostas que, agardamos, contén con apoio dos grupos representados nesta corporación.

*(Sendo as 11.00 horas suspéndese a realización da sesión co obxecto de que, tal e como figura no decreto da convocatoria da sesión, se reúnan os voceiros dos diferentes grupos para a negociación de posibles acordos respecto das propostas de resolución, seguindo a sesión ás 11.28 horas).*

- 2ª intervención presidente: Basicamente o que quero agradecer é o ton empregado por todos os deputados e deputadas que interviñeron neste pleno, por esa ansia de construír entre todos os que neste momento estamos neste salón de sesións e por responder algunhas cuestións, respecto das verbas que pronunciou a señora Lama sobre a tolerancia, o respecto, e o diálogo, eu engadiría algo máis como é a madurez, xa que nalgúns escanos baleiros campa pola súa ausencia, xa que existe unha máxima en política que é o deber de estar nas institucións e representar á veciñanza á que lle pediches a súa confianza, e non hai ningún caso en España de ningún grupo político que non asista a unha sesión destas características, porque é unha

oportunidade para defender as súas ideas, pero alá cada un coa súa responsabilidade. Lembra que hai meses aquí se intentou unha moción de censura, e que á señora Lama Nóvoa lle ofreceron a Presidencia desta institución, e se antepuxo a lealdade á provincia de Ourense e á estabilidade, por outros ventos que por aí andaban, pero nos o que debemos facer é traballar como dixo o deputado Miguel Caride. Respecto ás cifras que fixo públicas por suposto que hai que interpretalas, pero estas cifras indican un desenvolvemento positivo dos últimos anos. Sobre o papel da Deputación eu teño claro cal debe ser ese papel, eu non pasaba por aquí, eu son un profesional da Administración Pública como responsable do servizo xurídico da Xunta de Galicia de Ourense en excedencia, e sei os procedementos e as normas, e polo tanto as redes nas que participo representando a esta administración, recoñecen o papel e o traballo das deputacións dentro da organización territorial do Estado. Respecto da solidariedade, por exemplo, non se pode dicir que non se apoia ao concello de Verín, cando este concello non pediu nin presentou ningún proxecto. Agradezo as súas palabras sobre a conversión do Pazo Provincial nun Gran Balneario Termal, porque estou seguro que será un elemento tractor da cidade e da provincia, e aí está a Deputación amosando a súa utilidade. Con respecto ao señor Varela ratificou unha vez máis que é o xefe da oposición desta Deputación Provincial, e quero agradecer o que vostede fai. Sobre o seu discurso é o de sempre, empregando palabras como “minguante” ou “comatoso”, e os datos non parecen indicar iso, e na análise que fai non menciona que na etapa de cogoberno na xunta do bipartito PSOE-BNG na Xunta de Galicia non mudaron. Con respecto ás propostas de anos anteriores vostede mesmo ao ler o resultado delas e a súa execución estaba nun sesenta por cento, e teña en conta que aínda non finalizou o ano natural e queda o resto do mandato. Agradezo a Plácido Álvarez Dobaño e ao resto do grupo político o seu traballo, saben que somos un, e seguiremos cara adiante. Agradezo tamén a Armando Ojea e a Montserrat Lama o consenso para efectuar as dez propostas que hoxe presentamos.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Ourense é arquitectura, literarura, cultura, gastronomía, paisaxe, moda, vitivinícola, patrimonio, entroido, magosto, matanza, agricultura, gandería, deporte, termal, montaña, alta velocidade, poesía, música, auga, emprendemento, feminino, NÓS, Ourense o é todo. Non coñezo nin unha sola provincia de España, que aglutine tantos talentos, de ter tanto e tan bo. E neste senso é no que eu persoalmente me centro e me centrarei. En sacar o bo, en ser positivo, en tender a miña man a todos vostedes para que cada un destes talentos brille con luz propia. Podería centrarme en ser

negativa, en ver só o malo sen sacar á luz os aspectos positivos da nosa provincia. Pero Ourense non se merece isto, a miña provincia necesita persoas positivas, políticos que teñan altura de miras, falando das debilidades, claro que si, pero sen esquecer o bo, que hai moito e diverso. Non creo que sexa bo para Ourense os políticos pesimistas, que só se enfocan no negativo, e non proporcionan nin un indicio de positividade. Ourense é grande, para min, a mellor provincia do mundo. Non cambio a miña querida aldea, Laroá, esa Galicia profunda á que tanto amor lle teño e á que tanto lle debo, por ningunha capitalidade. Temos moito do que sentirnos orgullosos. Non quero rematar a miña intervención sen darlles as grazas aos meus compañeiros, dos que podo dicir publicamente, que lles teño moito cariño: Bernardo, Armando, Miguel e Plácido. A reunión da que vimos de asistir os 5 é o fiel reflexo do respecto e da educación, e desa madurez política da que levamos a falar todo este tempo. Tolerancia. E por último, grazas presidente, grazas Manuel, poucas palabras, coñeces de primeira man ese cariño complexo que me tocou vivir e sufrir, en medio dun momento persoal complexo e difícil. Pero son ourensá, e as mulleres de aquí estamos feitas doutra pasta. Seguirei a traballar en positivo, a miña terra non merece outra cousa. Grazas por estar sempre aí, a todos os que estades hoxe aquí. Sodes o exemplo perfecto de ser bos políticos, pero sobre todo, boas persoas que se radican na política.

- 2ª intervención José Miguel Caride (non adscrito): Eu entendo que aquí en certa maneira falamos para nós pero sobre todo falamos para a xente, e non vou ser tan ousado de explicarlle ao señor presidente cales sos as competencias e funcións das deputacións, pero o que pretendo é que a xente que nos escoita entenda cal é o papel das deputacións, porque é evidente que hai un certo debate, e iso é o que eu quería expresar. Dito iso, vou indicar que respecto das propostas presentadas polo Partido Popular e polo BNG son certamente positivas e vou apoiar todas salvo unhas abstencións puntuais nas seguintes propostas: a do PP sobre a marca Ourense, xa que entendo desde un punto de vista persoal que é certamente artificial, na relativa ao sector vitivinícola de colaboración coa DO do Ribeiro, xa que hai outras 3 denominacións de orixe, igualmente respecto das medallas Blanco Amor, xa que entendo que o valor dos premios é a súa exclusividade, e cantos premios teñamos parece que se degrada a súa categoría. O resto das propostas parécenme acaídas e as vou apoiar. Grazas.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Respecto da intervención primeira do presidente, eu tratei de rebater con datos outros datos, e que estes poden dar lugar a varias lecturas dependendo dos ollos con que se miren, e en termos xerais esta provincia ten un

problema, non de densidade de poboación, senón de avellentamento que marca a nosa pirámide poboacional. Temos unha provincia cunha potencialidade tremenda e nese sentido non son nada negativo senón todo o contrario, o problema é que outras ideas e outras formas e fórmulas de traballo poderían acadar un mellor resultado de cara a nosa cidadanía. Estou de acordo en que aquí non sobra ninguén e que debemos potenciar que a nosa xente queira quedar aquí e incluso queira vir xente de fóra ao noso territorio a desenvolver os seus proxectos. Sobre as emendas aos orzamentos xerais do Estado, lembra que o único representante do BNG no Congreso, presentou trinta emendas respecto dos fondos destinados á provincia de Ourense, e veremos o que é capaz de materializar e se se van a apoiar os orzamentos ou como o ano pasado, que ao consideralos nefastos para o noso país, os votou en contra. Respecto das propostas que presenta o grupo popular, indicar que a primeira delas a van apoiar, lembrando que xa fora proposta polo BNG con anterioridade, coa segunda tamén estamos de acordo, sobre a proposta de fiestra única deberíamos vertebrala a través dos GDR que xa están deslocalizados e tentando achegar á cidadanía e aos concellos as distintas canles de participación, razón pola que nos imos abster, tamén nos absteremos no relativo ao servizo de vías e obras e no relativo ao da marca Ourense, que xa abundan, no sector vitivinícola botamos en falla o resto das DO ademais que debera ser unha competencia da Xunta de Galicia, no relativo ao Fondo de reconstrución estamos de acordo, na plataforma de emprego entendemos que xa existen organismos que están para isto polo que non a imos apoiar, o mesmo que indicou o deputado Miguel Caride respecto das medallas Blanco Amor, entendendo que debemos potenciar os que xa existen e aproveito para reivindicar o papel da muller na nosa provincia, que deben ser obxecto dalgún recoñecemento e así o proporemos, e non teremos inconveniente en apoiar o resto das propostas. Respecto das nosas, indicar que boto en falta que non apoiem dúas, a da defensa da sanidade pública que curiosamente si a aprobaron o ano pasado, e a relativa ao plan único, e agardo que o ano que ven non teñamos que propoñer a mesma, pola parte de equilibrio que suporía e de reparto xusto, e que permitiría aos concellos planificar e contar con recursos para cofinanciar as achegas de outras administracións. Remata agradecendo o voto favorable ao resto das propostas do seu grupo.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Grazas presidente. Grazas señor Varela polas súas achegas, que ao fin e ao cabo demostran que ten interese, no nome da súa formación e dos seus votantes, por contribuír ao progreso da provincia, coas lóxicas diferenzas de proxecto político. Diferenzas que quedan ben reflectidas na xa clásica proposta de Plan Único,

da que temos falado por activa e por pasiva neste salón de plenos. Dígolle o de sempre: non estamos polo labor de ser meros repartidores de cartos nin de uniformar a xestión de todas as deputacións, obviando a singularidades de cada territorio. Na Deputación de Ourense, o lexítimo goberno provincial exerce as súas funcións cunha visión integral de provincia, ofrecendo programas e prestando servizos que non teñen outras deputacións e atendendo ás necesidades dos concellos máis aló do estipulado nos distintos programas de cooperación. Porque igual que consideramos o plan de mandato como un documento aberto, tamén sabemos que as necesidades das entidades locais van mudando ao longo do ano, e aí estaremos sempre para atender na medida das nosas posibilidades as peticións que fagan os alcaldes. Como tamén queremos que as alcaldesas e alcaldes saiban con antelación suficiente o diñeiro que lles vai chegar a Deputación para o seguinte exercicio, e por iso, e non por capricho, aprobamos os orzamentos no mes de setembro. Con modificacións posteriores, pois claro, porque tampouco un orzamento debe ser un documento inamovible, e con achegas grazas tamén aos remanentes de tesourería. Señor Varela, postos a pedir a uniformidade das deputacións, porque a súa formación non lle pide á presidenta da Deputación de Pontevedra o respecto que merece o Parlamento de Galicia, como primeira institución da comunidade, para que acuda a presentar diante da Comisión 3ª de Economía o orzamento provincial, tal e como fixo e fai sempre o noso presidente, que compareceu o pasado 2 de novembro. O caso de Pontevedra si é outro xeito de Plan Único, pero de falta de transparencia e de pouco respecto ás institucións e aos seus cidadáns. Ou tamén, postos a reclamar plans únicos, porque non propoñen desde a súa formación que o resto de deputacións galegas asuman o financiamento dos GES na parte que deberían chegar os concellos, e que para esta institución supón preto dun millón de euros (900.666 €). Non pode ser porque as deputacións de Pontevedra, A Coruña e Lugo opuxéronse o pasado día 10 á proposta do Goberno galego para mellorar a prestacións dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES), abandonando a reunión da comisión de seguimento. Unha proposta de mellora de persoal, de financiamento e de retribucións que só votaron a favor a Deputación de Ourense e a FEGAMP, o que significa que as melloras previstas para renovar o convenio de 2018, que vence este ano logo de sucesivas prórrogas, só se aplicará nos 12 GES da provincia de Ourense, o que pon en cuestión a continuidade da financiación destes grupos no resto das provincias e impide completar o mapa de emerxencias que cubre o territorio galego. Cal é o plan único, señor Varela? Acabar tamén cos GES? Xa ve vostede que diferenzas hai dabondo como para querer

que a Deputación de Ourense sexa como as demais. Pero hoxe non é un día para quedarnos coas diferenzas, senón para falar de acordos. E este grupo de goberno, na súa vontade de chegar a puntos de entendemento, vai apoiar seis das propostas formuladas neste debate polo deputado do grupo nacionalista. Do resto da bancada da oposición, por máis que me esforcei, so conseguín escoitar un inmenso silencio. Centrándonos no que interesa señor Varela, imos apoiar a súa primeira proposta sobre un novo mapa eólico galego con criterios de preservación do territorio. En efecto. O futuro do eólico en Galicia pasa por conxugar unha planificación ordenada que achegue seguridade xurídica ao sector, ao mesmo tempo que se dea prioridade a un desenvolvemento compatible co medio natural. O obxectivo que temos é semellante, só que desde o Partido Popular estamos a denunciar as consecuencia das decisións do Goberno central, establecendo prazos de tramitación para os proxectos que o único que xeran nos promotores é preocupación e precipitación á hora de presentar as iniciativas. Inseguridade e desconfianza que o Estado está a provocar nas empresas, que nalgún caso xa non se presentan ás poxas de enerxías renovables e incluso empezan a anunciar a paralización de novos investimentos en España. Na liña de dar seguridade ao sector e garantir que o desenvolvemento sexa compatible co medio ambiente, desde o goberno galego acordouse que a distancia dos aeroxeradores aos núcleos de poboación pase dos 500 metros a unha distancia que se calculará multiplicando por 5 a altura do aparello. Unha decisión que contribuirá á defensa dos espazos naturais e evitar o impacto visual, pero en ningún caso a medida se adopta por temas de ruído, posto que as novas tecnoloxías que incorporan os aeroxeradores xa minimizan esta cuestión. Punto 4 do decálogo do BNG, sobre apoio ao emprendemento e o emprego, en especial na xente moza. Como non imos apoiar esta proposta, se xa estamos a traballar nela. Chámase EmprendOU. Puxémolo en marcha en 2019 para facilitar a creación de iniciativas empresariais e de autoemprego entre mozas e mozos de 16 a 30 anos nos municipios rurais afectados polo desafío demográfico (82 concellos) e con axudas de ata 8.700 euros para a posta en marcha dos seus proxectos. Un programa que vaise estender ata 2022 (debido ao parón durante a pandemia) e que xa conseguiu poñer en marcha 150 proxectos empresariais en toda a provincia. Punto 5. Insistir na esixencia ao Goberno central sobre a mellora das infraestruturas e persoal en materia de servizos ferroviarios, en particular do ferrocarril convencional. Non é un tema menor, agora que, coma quen di, xa estamos na plataforma esperando a chegada do AVE. E como non é un tema menor, os representantes do Partido Popular nas Cortes Xerais veñen reclamando desde hai tempo melloras, como por

exemplo esixindo a plena reposición de todos os servizos ferroviarios suprimidos pola pandemia. Pedindo que se dispoñan trens de calidade, con horarios racionais desde primeira hora do día, facilitando o enlace con outras conexións que parten desde Ourense a diferentes destinos e cos futuros trens de alta velocidade, ademais de servizos especiais as fins de semana para facilitar a mobilidade dos estudantes. E tamén reivindicando a reforma e modernización da centenaria liña ferroviaria Ourense-Vigo, unha infraestrutura con enormes deficiencias que provocan cortes continuos, ademais de reclamar ao Goberno central un decidido impulso á modernización da liña Ourense-Lugo, que posibilite tamén aos cidadáns lugueses que aproveiten a conexión do AVE en Ourense e viaxar ata Madrid en pouco máis de tres horas e cuarto. Punto 6 das súas propostas, señor Varela. Posta en marcha da Comisión de Patrimonio. Se algo temos claro neste goberno é a enorme riqueza patrimonial, material e inmaterial, da nosa provincia; riqueza sobre a que precisamente xira a recentemente presentada marca turística de Ourense en torno a catro eixos: natureza, patrimonio arquitectónico e histórico, enogastronomía e termalismo, este último sen dúbida como gran factor diferencial. Estes catro factores que veño de citar son as nosas principais fortalezas, pero non só mirando cara un aspecto exclusivamente económico, senón de preservación da nosa identidade como pobo e nación cultural que somos. Un pobo sen pasado é un pobo sen futuro, di esta coñecida cita, por iso a nosa obriga é conservar ese patrimonio que fala de nós para que as futuras xeracións manteñan a identidade que nos define e singulariza. Punto 7: Respaldo á captación de fondos europeos. Espero que recorde, señor Varela, que o pasado 1 de xullo presentouse a “Estratexia de captación de financiamento europeo para a provincia de Ourense, correspondente ao período 2021-2027. Un documento que converteu a Ourense na primeira provincia de España en poñer en marcha un plan provincial específico para atraer fondos europeos. En concreto, ao redor de 85 millóns de euros para quince proxectos tractores. Desde logo, consideramos oportuno colaborar e cooperar cos concellos na procura de fondos europeos para desenvolver todo tipo de proxectos que encaixen na realidade da provincia, e máxime tendo en conta que haberá financiamento específico para os concellos de menos de 5.000 habitantes, que son a gran maioría do noso territorio. E punto 8: Novo modelo de financiamento local. Tamén neste punto vimos loitando con forza desde hai tempo. E, nomeadamente, co pleno compromiso do presidente provincial desde a xunta de goberno da FEMP, onde vén de denunciar o trato discriminatorio do Goberno do señor Sánchez coas entidades locais, que non recibiron un só euro para facer fronte ás consecuencias da

pandemia. Pero máis aló desta excepcional situación, desde o Partido Popular e nos imos parar de esixir ao Goberno para que presente un Proxecto de Lei de modificación do actual sistema de financiamento local, incrementando a participación das entidades locais nos ingresos do Estado, nunha contía suficiente para paliar el déficit estrutural que padecemos os concellos. Un novo modelo de financiamento que sexa xusto cos concellos, onde aproveitamos como ninguén ata o último céntimo para o benestar da nosa veciñanza. Un novo modelo no que ata agora só atopamos a constante negativa do PSOE, que segue a darlle as costas ao municipalismo.

Etas son as propostas que imos a apoiar do seu decálogo, señor Varela, agradecéndolle de novo as súas achegas, ao igual que reitero o agradecemento do grupo popular á vontade de consenso do deputado Armando Ojea e á deputada Monserrat Lama por compartir as nosas propostas. Máis nada e moitas grazas.

- quenda de peche presidente: Grazas de novo a todos, rematamos este debate facendo referencia a esas verbas de estar en política para construír e buscar consenso. Sobre o papel das deputacións, hai quen as define como enfermos con saúde de ferro, xa que van moitos anos intentando acabar con elas e aí seguen. Sobre o plan único, dicir que acabe ou non facéndose, xa que entendemos que non debemos ser as deputacións meros repartidores de cartos, senón poder facer política *per se* como todas as institucións, debería en todo caso reformularse, xa que non permitiría actuacións como a posta en marcha en Ourense do Centro de Innovación da FP. E moi difícil falar de lealdade institucional senón se exerce, e en todo caso todas as institucións do Estado son mellorables e de todas elas poderíamos falar durante horas. Por último quero realizar os seguintes anuncios de relevancia no ámbito desta deputación e que van ver a luz nos próximos meses e que son a Entrega en Ourense dos Premios Mestre Mateo, en 2022, froito da alianza que mantemos coa Academia Galega do audiovisual, a celebración do Bicentenario da Deputación de Ourense, conmemorando os 200 anos con diversas actividades durante os doce meses de 2022, a Candidatura para organizar o Congreso Mundial de Termalismo, dentro de las actividades para 2022 de la Organización Mundial, a posta en marcha de la Ourense Film Comission, froito do traballo realizado no mundo da produción audiovisual en Ourense, a inauguración do Parque da Igualdade en Cachamuiña (Pereiro de Aguiar) presidido por unha escultura do gran Buciños, a celebración en Ourense da Comisión Executiva do Eixo Atlántico, o próximo 15 de decembro, mércores, un acordo entre o Inorde e a Cámara de Comercio de España co obxectivo de canalizar os

fondos europeos xestionados polas cámaras á provincia de Ourense, na parte que lle correspondería por peso provincial en caso de existir a cámara, no relativo á relación da administración coa cidadanía, implementaremos a atención cidadá mediante vídeo chamada, con capacidade para realizar consultas e trámites de forma telemática, un paso importante na administración dixital, avanzando cara a oficinas de información máis innovadoras e eficaces, no campo da enerxía xeotérmica, reivindicar que Ourense reciba un trato especial por parte do IDAE no fomento da xeotermia vinculada ao termalismo, polas súas especiais condicións do chan e a promoción dun proxecto singular de enerxía xeotérmica, e crearemos a “Ourensanía Virtual”, que será un mapa interactivo de recursos turísticos e patrimoniais da provincia de Ourense, no que se mostren os recursos máis destacados de Ourense mediante unha aplicación web baseada nunha maqueta 3D esquemática e interactiva. Inclúe a creación de contidos multimedia asociados a cada un dos recursos presentados, de modo que se crearán diferentes contidos. (fotográficos, vídeo e fotografía 360°, visitas virtuais 3D interactivas etc..) de cada un dos recursos turísticos incluídos na selección.

Remata a intervención dando as grazas a todos os deputados e deputadas asistentes.

O contido íntegro do debate deste asunto recóllese integramente no punto primeiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver videoacta](#)

## **2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN FORMULADAS POLOS GRUPOS.-**

O resultado da votación das propostas presentadas polos diferentes grupos é a seguinte:

### **PROPOSTAS DO GRUPO POPULAR**

1.- Colaboración cos grupos de desenvolvemento rural da provincia

A Deputación de Ourense impulsará diferentes vías de colaboración cos seis grupos de desenvolvemento rural da provincia de Ourense. Para iso, solicitaremos a adhesión en cada un dos G de R e poder integrarnos nas respectivas asembleas en calidade de socio.

Resulta **aprobada** por unanimidade.

## 2.- Reivindicación ao Goberno de España

Esixir que na provincia de Ourense sexa tida en conta nos procesos de descentralización administrativa e nos plans de axuda á loita contra o despoboamento, como xa foi así, con plan de descentralización de Renfe en Teruel ou Toledo; Soria e o seu centro da Seguridade Social, ou Cuenca e os seus cursos da UNED, entre outros.

Resulta **aprobada** por unanimidade.

## 3.- Reto demográfico

Creación dunha fiestra única emprendedora do rural. Para axudarlles aos concellos e facilitarlles aos emprendedores e emprendedoras proxectos de futuro na provincia rural.

Resulta **aprobada** coa abstención do BNG

## 4.- Modelo das brigadas de Vías e Obras

Revisión do modelo das brigadas de Vías e Obras, co fin de adaptar a organización dun servizo que atende 1.852 quilómetros de estradas provinciais ás novas necesidades, en particular á atención permanente desta rede viaria e a modernización e tecnificación da súa xestión.

Resulta **aprobada** coa abstención do BNG

## 5.- Marca Ourense

Creación da marca Ourense para produtos e servizos xenuinamente ourensáns. Aberto a todas as empresas que queiran adherirse coa existencia dunha auditoría que valide a procedencia ou non de contar con este plus de protección. En colaboración coa Confederación Empresarial de Ourense.

Resulta **aprobada** coa abstención do BNG e do deputado non adscrito.

## 6.- Sector vitivinícola. Ribeiro

Elaborar, en colaboración co Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeiro e os seus adegueiros, colleiteiros e viticultores un plan de mobilización de terras para cultivo da uva que permita poñer ao dispor do sector un mínimo de 160 ha de terreo para cultivo de uva. Todo isto de conformidade co Marco legislativo que proporciona a nova lei de recuperación de terra agraria de Galicia.

Resulta **aprobada** coa abstención do BNG e do deputado non adscrito.

#### 7.- Fondo de reconstrución para as entidades locais

Reclamarlle ao Goberno central a creación dun fondo de reconstrución para as entidades locais que garanta a súa participación real e transparente, facilitándolles aos concellos e deputacións provinciais a xestión dunha porcentaxe dos fondos europeos equivalente ao gasto local dentro do gasto público total.

Resulta **aprobada** por unanimidade.

#### 8.- Plataforma de emprego

Na propia web da Deputación, con dúas simples pestanas: unha quero traballar, dous necesito traballadores. Tratamento dos datos recibidos. Unha ferramenta máis para os/as empresarios/as autónomos/as e para as persoas desempregadas. Tenderlles a man á pequena empresa e ás persoas autónomas.

Resulta **aprobada** con un voto en contra do BNG.

#### 9.- Medallas Blanco Amor

Premio anual, en varias categorías, para recoñecer a traxectoria e os méritos de ourensáns e ourensás nunha gala anual.

Resulta aprobada coa abstención do BNG e do deputado non adscrito.

#### 10.- Ruta provincial de autocaravanas

Ordenación do turismo en autocaravanas, poñendo en valor unha ruta provincial con todas as zonas de autocaravanas sinalizadas, indicando lugares próximos de interese, as melloras formas de acceder, e cuestións positivas a valorar polos usuarios.

Resulta **aprobada** por unanimidade.

### **PROPOSTAS DO BNG:**

1.- Esixirlles a todas as administracións competentes (Estado e Comunidade Autónoma) en materia de regulación enerxética, que se estableza un novo mapa eólico galego con criterios de preservación do noso territorio dende un punto de vista social, medioambiental e patrimonial. E que ao tempo os beneficios obtidos dos recursos naturais (nomeadamente a auga e o vento) revertan na poboación local tanto mediante os pagos directos aos propietarios, os tributos aos concellos e a creación de plans industriais e tarifas propias que favorezan o desenvolvemento do territorio da provincia.

Resulta **aprobada** por unanimidade.

2.- Apostar decididamente polo apoio á agrogandeiría, especialmente á ecolóxica e de pequeno formato, apostando polas canles de comercialización e os produtos de calidade diferencial, favorecendo o respecto ás formas de facer tradicionais combinadas coas novas tecnoloxías. E para isto xerar, en colaboración cos concellos e coa Xunta de Galicia, espazos homologados de transformación e elaboración dos produtos. Neste sentido dotarase un fondo co 1% do orzamento para a implementación de medidas neste eido.

Resulta **rexeitada** ao obter o voto favorable do BNG (1) e do deputado non adscrito e o voto en contra do Grupo Popular (12), de DO (1) e da deputada non adscrita.

3.- A Deputación de Ourense demanda de forma rotunda a defensa da sanidade pública, que remate a precariedade laboral e que se dote a esta provincia dos medios tecnolóxicos necesarios para igualar os servizos co resto de Galicia. Resulta evidente que as listas de agarda e o deficiente servizo na atención primaria, están a producir situación de agravamento das doenzas, por iso, desde esta institución, solicitamos o reforzamento do servizo de atención primeira e a redución das listas de agarda.

Resulta **rexeitada** ao obter o voto favorable do BNG (1) e do deputado non adscrito e o voto en contra do Grupo Popular (12), de DO (1) e da deputada non adscrita.

4.- Como provincia non nos podemos permitir que a xente nova siga marchando na procura de traballo fóra do noso territorio, é por isto que se promoverán accións estratéxicas para o

desenvolvemento de políticas de empregabilidade e apoio ao emprendemento no conxunto da provincia de Ourense. Con especial mención ás políticas activas de respaldo á xente moza retornada e inmigrante. Precisamos xente nova no noso territorio para ser quen de poñer en valor os inxentes recursos que atesouramos.

Resulta **aprobada** por unanimidade.

5.- Reiterar a esixencia cara á Administración Xeral do Estado da mellora das infraestruturas e persoal ferroviario, nomeadamente cara ao ferrocarril convencional vertebrador da nosa provincia. Demandamos así mesmo a creación dun ferrocarril de proximidade como o existente noutros territorios do Estado, ben sexa de xeito directo a través de Renfe, ben mediante traspaso de competencias e recursos económicos á Xunta de Galicia para que sexa esta quen o poña en marcha.

Resulta **aprobada** por unanimidade.

6.- Reiteramos o compromiso co patrimonio material e inmaterial do noso territorio, e comprometemos a posta en marcha da comisión de patrimonio coa participación de expertos para a posta en valor e coidado deste.

Resulta **aprobada** por unanimidade.

7.- A Deputación de Ourense compromete o seu respaldo a todos os concellos na provincia para a captación de fondos europeos, mediante a dotación de partidas económicas que complementen as posibles dotacións procedentes do Estado en termos de equidade e obxectividade.

Resulta **aprobada** por unanimidade.

8.- O infrofinanciamento dos concellos galegos require tanto ao Estado Español como á Xunta de Galicia artellar un novo modelo de financiamento que lles permita aos concellos cumprir coas súas obrigas cos veciños e veciñas. Comprometendo un mínimo dun 20% do financiamento total das administracións a favor dos concellos. Ao tempo esiximos o fin dun sistema perverso que fai que a media de financiamento por veciño nos concellos galegos procedente do Estado sexa 50 euros inferior á media estatal, cando a dispersión poboacional e o avellentamento fai evidente a necesidade dunha dotación orzamentaria superior.

Resulta **aprobada** por unanimidade.

9.- A Deputación de Ourense compromete unha dotación orzamentaria do 2% do seu orzamento para colaborar con criterios obxectivos e de reparto proporcional cos concellos na dotación de redes de abastecemento e saneamento, dada a complexidade para que os municipios supón pola complexidade que ten nesta provincia o seu establecemento.

Resulta **rexeitada** ao obter o voto favorable do BNG (1) e do deputado non adscrito e o voto en contra do Grupo Popular (12), de DO (1) e da deputada non adscrita.

10.- Creación dun Plan único de colaboración cos concellos cunha dotación mínima do 20% do orzamento anual da Deputación Provincial de Ourense. Un plan que axude a prover de fondos suficientes aos concellos para afrontar as súas amplas competencias para cos seus veciños e veciñas. Este fondo terá uns criterios de reparto equilibrados, equitativos e xustos, seguindo o modelo do establecido para o Fondo de Cooperación Local da Xunta de Galicia ou similar.

Resulta **rexeitada** ao obter o voto favorable do BNG (1) e do deputado non adscrito e o voto en contra do Grupo Popular (12), de DO (1) e da deputada non adscrita.

O contido íntegro deste asunto recóllese integramente no punto segundo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2º](#)

## **ANEXO: PEGADA DIXITAL DO VÍDEO**

[1] Video (Windows Media) 1280x720 16:9 (Stereo), 642 MiB (Video)

Url

<http://depourense.seneca.tv/s/X4u2BQYFb8PXRNmxBqNdCQFTQ6fRsiLTZaTPI4mm51MZmNzY.wmv>

SHA512 -

a84216d2ab35bcd7a138fb8c7f42bddff6290337515af22094a996cb9e8db4190bef32a  
d60fab505d9002420c2d7bfe73a6351830095f5e8b531179ba99a3d6d

[1] Windows Media Video WMV1/WMA2 1280x720 16:9 (Stereo), 696 MiB (Video)

Url -

[http://depourense.seneca.tv/s/KCV4j785XeJIKmeYULk2HxHPnT1ujZopOaVYCbFqcUy2Ch  
e9.wmv](http://depourense.seneca.tv/s/KCV4j785XeJIKmeYULk2HxHPnT1ujZopOaVYCbFqcUy2Ch<br/>e9.wmv)

SHA512 -

433b897ca0ad4a3ea188c44dd6ff562f67adc45fd715b29833bdfec8c20e44f79e084e6  
573b82ae3826d2ec6ec53a5a7330264fc36398925489f56a7979809e0

E, ás 12.28 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.